



REHABILITACIÓN-I

CATALOGACIÓN DOS ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS DA VIVENDA RURAL

No estudo para a rehabilitación das nosas edificacións rurais podemos desglosar os seus elementos constructivos en tres grandes grupos:

- ELEMENTOS FUNDAMENTAIS
- ELEMENTOS INTERESANTES
- ELEMENTOS ACCESORIOS

ELEMENTOS FUNDAMENTAIS:

Son aqueles que non se poden tocar baixo pena de trocar ou desnaturalizar as características dun Patrimonio Rexional concreto. É dicir:

- **A compacidade e forma do volume.**
- **A forma da cuberta e a súa pendente.**
- **A forma e disposición dos ocos da fachada, corredores, galerías e balcóns.**
- **A forma e disposición das escaleiras exteriores.**
- **A natureza e revestimento dos muros.**

- **Algunhas chemineas puntuais.**
- **O patio (cando está pechado e é de certa entidade e importancia).**

ELEMENTOS INTERESANTES:

Son aqueles nos que a súa modificación débese realizar con precaución a fin de non alterar ou non perder parte do valor da casa. Estes son:

- **As contras ou verxas.**
- **A distribución orixinal.**
- **O tipo de estrutura e forma das xanelas e portas.**
- **O resto das chemineas.**
- **As varandas.**

ELEMENTOS ACCESORIOS:

Son compoñentes que non definen a edificación e que se poden modificar con maior liberdade.

- **Decoración interior.**
- **Os pechos interiores.**
- **Os arredores da casa (excepto patios).**

SUXERENCIAS SOBOR DA REHABILITACIÓN NOS ELEMENTOS FUNDAMENTAIS

Con respecto a:

A).- A compacidade da forma do volume:


- O volume exterior debe estar asociado á tipoloxía da zona e variarse o menos posíbel.
- Non aumentar a altura, podendo habitar o baixo cuberto, sen elevar este.
- As adicións á planta na superficie deben ser cuidadosas para que non alteren o tipo nen a forma primitiva.

B).- A forma da cuberta e a súa pendente:


- A cuberta debe ser de panos enteiros, prolongándose sobre os corpos voados sen quebras.
- Non facer ampliacións saintes na cuberta, nen terrazas planas na mesma.
- A pendente estará comprendida entre o 25 e o 40%.

C).- A forma e disposición dos ocos de fachada, corredores, galerías e balcóns:

- Os ocos deben ser pequenos e proporcionados, en sentido vertical.
- Respetar a disposición primitiva dos corpos voados, sempre que se poda, así como o ancho e apoios existentes que lle confiren un encanto especial.
- Non independizar a cubrizon do vó do pano da cuberta.
- Non pechar os vós para convertilos en miradores, xa que desproporcionan a casa, facéndoa pesada.



A cuberta debe ser de panos enteiros, prolongándose sobre os corpos voados hasta o punto do corredor sen quebras, nin saltos.



Os ocos deben ser pequenos e proporcionados, en sentido vertical.



D).- A forma e disposición das escaleiras exteriores:

- A ser posíbel, o material dos pasos será de pedra.
- A escaleira pódese cubrir coa prolongación do vó da casa (só o tramo paralelo á fachada).
- Pódese correxir a súa pendente e facela descansada se é manifestamente incómoda, do contrario e se está en bon estado pódese conservar.

E).- A natureza e revestimento dos muros:

- Respectar o máis fielmente posíbel a natureza e acabado dos muros das fachadas.
- O encintado débese coidar evitando que se vexa masa gris como xunta das pedras.
- Os acabados exteriores, dos engadidos ou ampliacións poderán ser de pedra similar á xa existente, asegurándose un acabado bon, do contrario suxírese optar por panos brancos ou ocres.
- Cando a pedra sexa moi pequena e faga imposible o seu encintado, poden recebarse os paramentos con masa deixando os xambeados e portas libres.

**Non pechar os vós
para convertilos
en miradores,
xa que
desproporcionan a casa,
facéndoa pesada.**



F).- Algunhas chemineas puntuais:

- As chemineas de pazos, casas solariegas e casas importantes débense respectar ao máximo e reconstruílas con idéntico material no caso de estaren parcialmente derruídas.

G).- O patio dianteiro:

- Débese conservar a forma e peche do patio, se este é de entidade suficiente.
- A entrada ao patio con portalón igualmente debe manter similar estado.

SUXERENCIAS SOBOR DA REHABILITACIÓN NOS ELEMENTOS INTERESANTES

Con respecto a:

A).- As contras e as verxas:

- As contras serán dispostas a ser posíbel polo interior. Anque a súa colocación polo exterior se se coida ao detalle non altera sensibelmente a fachada.
- O aspecto das contras será de panos enteiros, non de tipo "venecianas".
- As verxas se se colocan, serán preferibelmente de ferro forxado liso, redondo, cadrado ou rombide, sen torneados nen adornos.

B).- A distribución interior orixinal:


- Se a casa é importante, con historia, débese conservar no posíbel a distribución interior.
- Do contrario, ao menos a cociña, lareira e forno se o teñen.



A entrada ao patio con portalón igualmente debe manter similar estado.



O encintado débese coidar evitando que se vexa masa gris como xunta das pedras.




- As habitacións teñan luz e ventilación exterior.
- A distribución acomodarse para que as plantas baixas adicadas a trasteiros e cortes se podan habitar dándolles un novo uso dentro das necesidades da casa.

O despece das contras debe ser de panos enteiros, non de tipo "venecianas".



Respectar o máis fielmente posibel a natureza e acabado dos muros das fachadas.



C).- O tipo de estrutura e forma das xanelas e portas:


- Calquera tipo dos expostos nos planos de portas e xanelas (a excepción do "castellano") poden terse en conta á hora de rehabilitar.
- O material de portas e xanelas será preferiblemente de madeira, barnizada ou pintada con cores predominantes na zona (marrón, verde escuro e azul claro).
- Pódese poñer carpintería de aluminio lacado branco e portas da entrada metálicas lacadas en escuro ou branco sen que isto altere en demasía a súa fisonomía.

En caso de dúbida é preferíbel facer follas de xanelas sen ningunha división, con un só vidro, quedando un oco máis limpo e permitindo o paso de máis cantidade de luz.


D).- Chemineas:

- As chemineas de pouca entidade pódense recuperar ou demoler, tendo a precaución de non poñer sombreretes metálicos ou de aluminio.


Calquera tipo dos expostos nos planos de portas e xanelas (a excepción do "castellano") poden terse en conta á hora de rehabilitar.



As verxas se se colocan, serán preferiblemente de ferro forxado liso, redondo, cadrado ou rombide, sen torneados nen adornos.



Non poñer varandas de fundición con fortes debuxos, a non ser nas casas da estrada.



- Mellor rematar en pedra ou panos en branco, ou todo de pedra non chapada.
- Non traer a cheminea desde o chan ou adosada ao muro, xa que alteran o tipo e a fisonomía.
- Se a casa non é importante, a cheminea ten pouco valor, polo tanto existe maior liberdade para a súa colocación.

E).- As varandas:

Existe unha boa mostra de varandas típicas da zona desde as máis humildes ás máis ostentosas.

Non obstante pódese intervir neste elemento libremente cuidando de non cargar demasiado e de non poñer varandas de fundición con fortes debuxos, a non ser nas casas da estrada.

